

CONCURSO “Valoremos a auga” de Emalcsa, con motivo do Día Mundial da Auga

1. OBXECTO

Emalcsa promove o concurso de vídeo “*Valoremos a auga*” con motivo do Día Mundial da Auga 2021 coa que quere poñer en valor a importancia da auga, coincidindo co lema e filosofía marcado, este ano, polas Nacións Unidas.

A intención da campaña deste ano é aproveitar as redes sociais para crear unha corrente de opinión e debate público sobre o valor que as persoas outorgan a auga e, así, destacar todos o seus usos e a necesaria implicación social para facelos sostibles.

Para iso, Emalcsa propón aos colexios, entidades socias, medioambientais, etc. a elaboración de vídeos breves nos que amosen mensaxes visuais sobor do que significa para eles a auga desde calquera perspectiva: medioambiental, hixiénica, de ocio...

Este concurso servirá para seleccionar os gañadores de acordo cas seguintes bases.

2. BASES

- 2.1. O concurso vai destinado a todos os centros escolares e a outras entidades de todo tipo interesadas da comarca da Coruña.
- 2.2. En concreto estas institucións deberían ter sede nalgún dos seguintes concellos: **A Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Sada, Bergondo e Carral.**
- 2.3. Os vídeos estarán relacionadas coa auga desde calquera perspectiva: de lecer, medioambiental, hixiénico-sanitaria... O obxecto é demostrar que significa a auga para as persoas.
- 2.4. Rexeitaranse os contidos que poidan considerarse ofensivos, obscenos, inapropiados, racistas, vulgares, xenófobos, sexistas e/ou violentos, así como aqueles que atenten contra a dignidade e/o decoro, e os que poidan ferir sensibilidades, ser contrarios á lei, á moral ou á orde pública; que sexan contrarios aos dereitos de terceiros sen o seu consentimento; que sexan contrarios ao honor e/ou á imaxe das persoas físicas ou xurídicas, que faciliten información de carácter persoal (propia ou de terceiros); que impliquen realizar unha actividade comercial, compra e venda de produtos e/ou servizos así como a súa publicidade, que non teña relación co concurso, quedando automaticamente descualificado se fóra de concurso aqueles vídeos que non se axusten a algún perfil dos descritos. A organización resérvase o dereito de vetar algún vídeo en caso de que considere que non se axusta ás especificacións anteriormente descritas.
- 2.5. Os vídeos deberán ser horizontais e dun máximo de **1 minuto** e terán que ser enviados en **formato MP4**.
- 2.6. Poderase enviar un vídeo por aula ou por institución, de ser o caso.

Os vídeos deberán ser enviados como arquivo axunto dun correo electrónico, ou ben por WeTransfer, ao seguinte enderezo de correo electrónico: prensa@emalcsa.es.

No asunto deberase indicar “Concurso Valoremos a auga”.

No correo electrónico terá que figurar o nome da entidade participante (concretar a aula/grupo de ser o caso), dirección postal e un teléfono de contacto, así coma o título indicativo do vídeo presentado.

- 2.7. O nome do arquivo de vídeo deberá incluír o nome da entidade participante para facilitar a súa identificación.
- 2.8. O prazo de presentación das fotografías abrirase o **22 de marzo 2021**, Día da Auga, e rematará o **22 de abril de 2021 ás 23:59 horas**. En todo caso, o Organizador resérvase o dereito a modificar, cancelar e/ou suspender o concurso cando se produzan causas alleas á súa vontade. En caso de producirse unha modificación, cancelación ou suspensión do Concurso, comunicarse por medio do mesmo medio polo que tivera sido publicitado.
- 2.9. A participación neste concurso suporá unha declaración expresa por parte das persoas participantes de que posúen os dereitos de autor sobre o vídeo presentado ao concurso e dispoñen, ademais, da autorización e o permiso das persoas que poidan aparecer de forma recoñecible nas imaxes, recaendo sobre elas a responsabilidade derivada do dereito á intimidade e á propia imaxe. En caso de aparecer menores, este consentimento tería que ter sido realizado aos seus titores legais.
- 2.10. Que o vídeo é creación súa e que non se apropiou del nin o copiou e que non deriva, en parte ou na súa totalidade, doutro traballo gráfico.
- 2.11. Que non está violando ou infrinxindo ningún dereito de autor, marca rexistrada, privacidade ou dereito publicitario ou calquera outro dereito persoal, de propiedade ou de propiedade intelectual de calquera persoa ou entidade.
- 2.12. A participación neste concurso suporá unha declaración expresa por parte das persoas participantes da cesión gratuíta a Emalcsa dos dereitos de reprodución, distribución e comunicación pública sobre o vídeos presentados, sen máis limitación de medios, tempo ou espazo xeográfico que as legalmente establecidas.
- 2.13. Os vídeos recibidos serán publicados nas redes sociais da compañía, sempre con mención específica a autoría de cada un deles.
- 2.14. A participación neste concurso supón a aceptación dos termos da convocatoria expostos nas bases dos mesmos. No caso de que algún dos centros gañadores comunique que non acepta estas bases, quedará sen dereito a premio.

No suposto de renuncia, o premio pasaría á primeira persoa clasificada da “lista de reserva” e, en caso de que esta renunciase, á segunda clasificada da mesma lista, e así sucesivamente.

3. XURADO

3.1. O xurado comporase de catro membros:

- O Presidente de Emalcsa ou a persoa na que delegue, que actuará de presidente do xurado.
- Director de I+D+i de Emalcsa.

- O Director da Cátedra EMALCSA-UDC
 - O Xerente da Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, como entidade colaboradora.
- 3.2. O presidente ou presidenta do xurado terá voto de calidade naqueles supostos que se consideren necesarios.
 - 3.3. O fallo do xurado será inapelable.
 - 3.4. O xurado seleccionará 3 vídeos gañadores participantes diferentes en tres categorías: primeiro, segundo e terceiro posto. Ademais, seleccionará, por orde de puntuación, outros 3 traballos, que se integrarán na denominada “lista de reserva”.
 - 3.5. O xurado poderá declarar desertos un ou varios premios.
 - 3.6. Os centros ou entidades gañadores, e no seu caso as aulas ou grupos específicos caso de ter presentado mais dunha proposta, serán informados do fallo vía correo electrónico.

4. PREMIOS

- 4.1. Os gañadores recibirán coma premio xeral unha visita guiada aos principais espazos relacionados co subministro da comarca ademais de:
 - 4.1.1. **1º Premio.** Diploma e agasallo para todos os membros do grupo gañador, así coma un premio en metálico de 500 € para o centro ou entidade de adscrición.
 - 4.1.2. **2º Premio.** Diploma e agasallo para todos os membros do grupo gañador, así coma un premio en metálico de 250 € para o centro ou entidade de adscrición.
 - 4.1.3. **3º Premio.** Diploma e agasallo para todos os membros do grupo gañador, así coma un premio en metálico de 100 € para o centro ou entidade de adscrición
- 4.2. Os 3 premios serán entregados de acordo cun protocolo específico que será comunicado no seu momento. En todo caso, o Organizador contactará co gañador para comunicarlle a forma de entrega.
- 4.3. O centro e/ou entidade gañadora aproba acceder a que se lle tomen fotografías de promoción, de ser o caso, durante o acto de entrega, así como a que o Organizador empregue, con fins publicitarios e de promoción, o seu nome e imaxe, en calquera medio e material publicitario. Así, o centro e/ou entidade gañadora autoriza, a participar nesta acción, a Emalcsa a reproducir, utilizar e difundir o seu nome e imaxe en calquera actividade publicitaria e/ou de promoción que estea relacionada con esta, mesmo durante o desfrute do premio, sen que ditas actividades lles confiran dereito de remuneración ou beneficio algún con excepción da entrega do premio gañado conforme a estas bases.
- 4.4. Ademais todos os participantes, a título individual, recibirán un obsequio de agradecemento por parte de Emalcsa, que se farán chegar aos propios centros e/ou entidades.